



Concello de Lugo

ADENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DEPORTES ASOCIADOS CO OBXECTO DE COLABORAR NOS GASTOS DERIVADOS DO EVENTO “JUDO XVIII TROFEO CIDADE DE LUGO” ANO 2023.

En Lugo, en febreiro de 2023

REUNIDOS

Dunha banda **D. Mauricio Repetto Morbán**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, con enderezo en Lugo, Praza Maior, nº 1 e CIF P2702800J, en virtude da súa condición de Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes (Área de Cohesión e Dinamización Social).

E doutra banda **Mario Manuel Muzas Cobo**, con NIF 50420454S, actuando en nome e representación da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, con CIF G15109267, na súa calidade de Presidente, con enderezo a efectos deste Convenio en Plaza Agustín Díaz, 3 (Edificio Federaciones), 15008, A Coruña, (A Coruña).

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que teñen conferidas para convenir en nome e representación das institucións que representan

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que o Concello de Lugo ten entre as súas competencias impulsar o deporte e os valores que este transmite, así como a promoción do municipio de Lugo e a súa dinamización na cidade.

Conforme ao artigo 50.1 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público (LRXSP), as Administracións Públicas, os seus organismos autónomos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado.

Conforme ao Artigo 1º dos Estatutos da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, ratificados e inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, A Federación Galega de judo e deportes Asociados, é unha Entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente dos seus asociados, que se

rexe pola Lei 3/2012, do 2 de abril, Xeral do Deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, polos seus propios estatutos e regulamentos debidamente aprobados e polas demais disposicións legais ou federativas que resulten aplicables con total garantía dos principios democráticos e representativos.

A Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, é unha entidade de utilidade pública. Esta declaración comportará os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Asemade posúe personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, ademais das atribucións de seu exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo como axente colaborador da mesma.

Son competencia da F.G.Judo e D.A. as actividades relacionadas co Judo, Jiu-Jitsu Aikido, Wu-Shu, Kendo, Nihon Tai Jitsu e Defensa Persoal.

SEGUNDO.-

Que o Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias ten vontade de promover este convenio en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, artigo 25.1: “O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

Así mesmo, o apartado 2 de este mesmo artigo establece que “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) 1) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (...)”.

TERCEIRO.-

Que ambas as partes coinciden na necesidade de axuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, cren conveniente, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto ao evento “**JUDO XVIII TROFEO CIDADE DE LUGO**” ANO 2023.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO



O obxecto de este convenio é a colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Federación Galega de Judo e Deportes Asociados para a celebración do evento **“JUDO XVIII TROFEO CIDADE DE LUGO” ANO 2023.**

A organización do devandito evento, de carácter internacional, corresponde en exclusividade á Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, e consta recollido no seu Calendario Oficial de competición para a tempada 2022-2023”

O número aproximado de participantes sitúase en 400. É destacable, así mesmo, a participación de numerosos clubs e atletas de Galicia, España e Portugal que dan un maior realce o evento.

A data prevista para a súa realización é o 25 de febreiro de 2023. O horario do evento será dende as 10:00 no Pavillón Municipal de Deportes, na área de influencia do casco histórico da cidade de Lugo e do río Miño. A importancia da ubicación, fai que a promoción deportiva do mesmo garantice unha ampla asistencia de público en xeral.

Todo o evento deportivo estará suxeito ao regulamento técnico do mesmo e supletoriamente polos regulamentos superiores.

O Concello de Lugo intégrase como colaborador do devandito evento para unha mellora na eficiencia da xestión pública e a oferta deportiva municipal, polo impulso do deporte e os valores que este transmite, perseguindo un fin común de interese xeral e baixo o interese público que ostenta unha actividade de estas características, así como a promoción do municipio de Lugo.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS A REALIZAR POR CADA UNHA DAS PARTES ASINANTES DO CONVENIO.

2.1.- A Federación Galega de Judo e Deportes Asociados comprométese, **como organizador** do **“JUDO XVIII TROFEO CIDADE DE LUGO” ANO 2023** a atender, en xeral, todas as necesidades para o desenvolvemento do evento nos días anteriores, durante o mesmo e relacionadas coa finalización do mesmo.

En concreto, farase cargo dos seguintes servizos e/ou suministros:

1.- Co fin de dar maior realce ao evento a Federación Galega de Judo e Deportes Asociados levará a cabo as xestións necesarias para garantir a presenza e participación de atletas con recoñecida traxectoria deportiva.

2.- De aportar o persoal necesario para o traslado, montaxe e desmontaxe de todo o material necesario do evento.

3.- Montaxe e desmontaxe da zona deportiva do evento.

4.- Informar aos participantes do desenrrolo do evento.

6.- Publicidade e difusión do evento.

7.- Un seguro de responsabilidade civil e seguro do evento.

A Federación Galega de Judo e Deportes Asociados comprométese así mesmo en que a colaboración do Concello de Lugo constará de forma expresa, pública e permanente na organización do evento, e co logotipo do Concello de Lugo na publicidade do evento, estática, dixital e calquera outra.

2.2.- O Concello de Lugo, como colaborador do “JUDO XVIII TROFEO CIDADE DE LUGO” ANO 2023, comprométese a:

Asumirá as obrigas polos gastos que ocasione a actividade a desenvolver na data sinalada no presente convenio ata un importe máximo de **6.000,00 €** (ive engadido). Os medios a aportar polo Concello de Lugo necesarios para levar a cabo o evento serán os de transporte, montaxe e desmontaxe de material, trofeos e medallas, material deportivo e bolsas picnics participantes.

TERCEIRO.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

Non existe contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio.

As partes asinantes comprométense a financiar os gastos asumidos durante a vixencia do convenio.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimativo do “**JUDO XVIII TROFEO CIDADE DE LUGO**” ANO 2023 de **12.035,70 €**, desglosado nas seguintes partidas:

ACHEGAS DO CONCELLO DE LUGO	
1ª) TRANSPORTE MONTAXE E DESMONTAXE DE MATERIAL	1.701,38 €
Aluguer camión con plataforma e capacidade para o seguinte material:	
- Montaxe e desmontaxe:	



- TATAMIS HOMOLOGADOS IJF – 4cm – densidade 220/230 - 231 tatamis 2x1m azul / 127 tatamis 2x1m amarelo / tatamis 1x1m azul / tatamis 1x1m amarelo - 15 ORDENADORES HOMOLOGADOS SISTEMA CARE IJF - 6 CÁMARA VIDEO + CAPTURADORA A - MONITORES LED 42 PULGADAS - 10 MESAS (180 X 90CM) E MANTEIS - 4 BÁSCULAS ELECTRÓNICAS PARA A PESADA - 25 BOBINAS CABLES CONEXIÓNS (25m) E MANTEIS - ROLLERS E ARAÑAS PUBLICITARIAS - PODIO MÁIS 2 TRASEIRAS 10 MESAS (180 X 90CM) E MANTEIS - 2 IMPRESORAS - 10 INTERCOMUNICADORES ÁRBITROS	
2ª) TROFEOS E MEDALLAS - 14 Trofeos 1º clasificado (Masc+Fem) - 14 Trofeos 2º clasificado (Masc+Fem) - 28 Trofeos 3º clasificado (Masc+Fem)	1.204,00 €
3ª) MATERIAL DEPORTIVO - 300 camisetas color impresas cuatricomía por diante	994,62 €
4ª) BOLSAS PICNICS PARTICIPANTES - 350 bolsas (2 bocadillos + agua+ 1 plátano)	2.100,00 €
ACHEGAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DEPORTES ASOCIADOS	
1ª) ARBITRAXES - 14 Árbitros tatami (Masc/Fem) - 08 Xuices mesa (masc/Fem)	1.070,00€
2ª) PUBLICIDADE E DIFUSIÓN	931,70 €

- 400 Credenciais personalizadas - 300 Diseño e impresión carteis - 400 Lanyard	
3ª) SERVICIOS MÉDICOS - 1 Ambulancia medicalizada - 2 Servizo fisioterapia	800,00 €
4ª) ALOXAMENTO EN M.P. para organización - técnicos – selección 70 habitaciónes dobres	3.234,00 €
TOTAL ORZAMENTO 12.035,70 € (IVE engadido)	

NOTA en relación as obrigas do Concello de Lugo:

- As obrigas recollidas nos apartados 1º, 3º e 4º) relativo serán tramitadas a través da plataforma de licitación de contratos menores do Concello de Lugo, con cargo á aplicación orzamentaria 34100.22609 do vixente Orzamento Xeral.

- As obrigas do Concello de Lugo recollidas no apartado 2ª) non precisan de nova consignación orzamentaria ao ser asumidas con cargo ao CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE LUGO, adxudicado á mercantil ARTESANOS DEL CRISTAL, S.L.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Non hai contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio.

SEXTA.- DURACIÓN

Dado que o alcance do presente convenio é en exclusiva a realización do “JUDO XVIII TROFEO CIDADE DE LUGO” ANO 2023, o convenio extinguirase tras a clausura do evento acto, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do evento, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN



A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, ter en conta que o alcance do presente convenio é en exclusiva a realización do “JUDO XVIII TROFEO CIDADE DE LUGO” ANO 2023.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante adenda ao mesmo.

OITAVA.- EXTINCIÓN E EFECTOS

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da LRXSP e pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da LRXSP.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presenta convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o responsable/persoal adscrito á Área de Deportes.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP. Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste convenio.
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presenta convenio.

- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

DÉCIMA.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, incorporaranse os “logotipos” institucionais do Concello de Lugo.

As entidades autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto de este convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CARÁCTER DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como pola LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdicción contencioso-administrativa.

O presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



Concello de Lugo

Lugo, febreiro de 2023

O Concelleiro de Xuventude e Deportes

O representante da federación Galega
de Judo e Deportes Asociados

Asdo: Don Mauricio Repetto Morbán

Asdo.: Don Mario Manuel Muzas Cobo



MURALLA
patrimonio da humanidade